

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 11 DE MARZO DE 2015

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día once de marzo do ano dous mil quince, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira.
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo.
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D. Javier González Verde
- D^a. Carmen Gloria Fernández Ozores
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretario o funcionario Secretario Acctal. D. José Carlos Martínez Crespo, e a Interventora da Corporación, dona Ana Llorca Maneiro.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO 1.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITO Nº 2/2015.

O Sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

Vistos os documentos que integran o expediente (as facturas expedidas polos diferentes acredores e os gastos de desplazamento, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas, agás no caso da factura correspondente a inversión).

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, así mesmo, o Informe de Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo,

1º) Que se aprobe o recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2015 por importe total de 238.327,52 € co detalle das facturas dos Anexos I, II, III que constan no expediente.

2º) *Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente correspondan.*

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

ABRESE O DEBATE:

A sra. Estevez Alvarez manifesta que vai votar a favor xa que considera que os provedores non teñen a culpa do mal proceder do Concello, proceder co que non están de acordo, especialmente no tocante ás facturas do ano 2014 que non tiveron crédito nese exercizo. Consideran que este recoñecemento supón facer fronte un gasto que non estaba orzamentado no ano 2015.

O Sr. Lomba Alonso manifesta que o BNG considera, como cada vez que se aproba un recoñecemento extraxudicial, que os últimos culpables son os traballadores e polo tanto vai absterse na votación xa que non está de acordo coa actuación do grupo de goberno pero non van prexudicar a aqueles que prestaron un servizo. Sinala que xa pediron explicacións na Comisión de Asuntos Económicos e que estas non foron satisfactorias porque poden entender que existan problemas coa facturación do subministro eléctrico alleos ó Concello pero que o propio grupo de goberno puxo data límite a esta situación.

Por outra banda, indica que ó BNG preocúpalle que hai partidas para o orzamento 2015 que van quedar moi mermadas debido a este recoñecemento extraxudicial, e precisamente este feito nun ano electoral supón unha irresponsabilidade do grupo de goberno de cara ó próximo goberno municipal. Remata dicindo que a política orzamentaria do equipo de goberno e moi deficiente e por eso hai que acudir cada ano a recoñecementos extraxudiciais, xa que os orzamentos anuais non se axustan ás necesidades.

A Sra. Iglesias Ferreira manifesta que o seu grupo non lle gusta ó proceder do grupo de goberno pero non van a poner impedimentos a este recoñecemento extraxudicial para non perxudicar ós provedores.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González e Estevez Alvarez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (oito abstencións).

PUNTO 2.- *Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello da Guarda para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de reparación e remate do Centro de Interpretación do Castelo de Santa Cruz de A Guarda, cofinanciadas polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (80%) no marco do programa operativo Feder Galicia 2007 - 2013.*

O sr. Alcalde da lectura a seguinte proposta:

Visto o Convenio remitido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de reparación e remate do Centro de Interpretación do Castelo de Santa Cruz de A Guarda, propono ó Pleno:

Manifestar a aceptación da execución das anteditas obras, en réxime de colaboración, e, en representación do Concello da Guarda, nos seguintes termos:

a.- Con carácter previo á sinatura do convenio, autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos inmobles a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que esta poida acometer a execución das obras de restauración. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o artigo 2º do Decreto 246/92, de 30 de xullo da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº159 do 17 de agosto de 1992).

b.- Conceder, tramitar e axilizar as autorizacións necesarias para a execución das anteditas obras.

c.- Facultar o Sr. Alcalde para a sinatura do Convenio e demais tramites e xestións que deste se deriven."

Ó remate da lectura O sr. Alcalde informa que se fai unha pequena enmenda á prosposta xa que na transcripción da mesma non se incluíron no apartado a) dúas palabras que son "dos terreos ", e tal xeito que a proposta debe dicir "...autorizar a plena e libra dispoñibilidade dos terreos e inmobles...". Polo tanto, a proposta que se somete a votación é:

Visto o Convenio remitido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de reparación e remate do Centro de Interpretación do Castelo de Santa Cruz de A Guarda, propono ó Pleno:

Manifestar a aceptación da execución das anteditas obras, en réxime de colaboración, e, en representación do Concello da Guarda, nos seguintes termos:

a.- Con carácter previo á sinatura do convenio, autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos inmobles a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que esta poida acometer a execución das obras de restauración. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o artigo 2º do Decreto 246/92, de 30 de xullo da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº159 do 17 de agosto de 1992).

b.- Conceder, tramitar e axilizar as autorizacións necesarias para a execución das anteditas obras.

c.- Facultar o Sr. Alcalde para a sinatura do Convenio e demais tramites e xestións que deste se deriven."

A Sra. Estevez Alvarez di que vai votar a favor porque é necesario para a posta en valor do Castelo de Santa Cruz e consecuentemente beneficioso para os veciños da Guarda.

O sr. Lomba Alonso pide explicacións de porqué un documento que ten entrada en agosto de 2014 solicitando licenzas para estas obras se leva a pleno extraordinario en marzo de 2015.

O sr. Español Otero resposta que o problema xurdiu respecto de se a Consellería debe facer fronte ós gastos da licenza. Existen informes de Secretaría e Intervención nos que se di que deben pagar as licenzas e outros da Consellería que din que non. O grupo de goberno tratou de resolver este problema e levou todo este tempo, e agora a Consellería da un ultimátum segundo o cal ou se aceptan as súas condicións ou non se fai a obra.

O Sr. Alcalde explica que a solicitude de licenza se levou a comisión de urbanismo e a Xunta de Goberno Local. Unha vez aprobada se lle comunica á Xunta de Galicia o importe das taxas e impostos da licenza e éstos responden que se continue co expediente de concesión de licenza que cando eles adxudiquen a obra a empresa contratada se fará cargo dos custes da licenza. Pero inmediateamente despois chega o Convenio a tenor do cal as taxas e impostos da licenza correrán a cargo do Concello e ahí é cando se produce o problema, porque segundo os informes de Secretaría e Intervención en virtude do noso ordenamento xuridico ó Concello non pode renunciar a cobrar esas taxas. A partir deste momento o Concello trata este tema coa Consellería ata que eles nos din que ou se acepta aproba o convenio tal cual ou non hai inversión. A consellería comprometeuse a remitir uniforme que respaldaba a súa postura. Recordamos que o mesmo sucedeu co Centro de Saúde. Agora ou renunciámos a obra ou seguimos as teses da Xunta de Galicia e asinamos o Convenio que ten unha coletilla que di que correrán por conta do concello as taxas e impostos pero non renunciámos a cobralos

A sra. Iglesias Ferreira di que votarán a favor

Sometida a votación a **proposta foi aprobada por unanimidade:** **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estevez Alvarez (dezasete votos a favor).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as oito horas e cincuenta minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretario, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

O Secretario Acctal,

José Manuel Domínguez Freitas

José Carlos Martínez Crespo